

BASES E CRITERIOS QUE REXEN O IV CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL EN VENTÁS E EXTERIORES DE VIVENDAS NO CONCELLO DE RIBADUMIA

1. **OBXECTO**

O Concello de Ribadumia, convoca a cuarta edición do "Concurso de decoración de nadal en ventás e exteriores de vivendas do Concello de Ribadumia" co obxecto de promover a creatividade dos veciños a decorar os seus balcóns, fachadas, fiestras ou exteriores de vivendas creando un ambiente festivo de exaltación do nadal.

2. **PARTICIPANTES**

Poden participar todos os veciños e veciñas que teñan unha vivenda dentro termo municipal de Ribadumia.

A decoración será de zonas exteriores da vivenda entendendo por tal, as ventás, fachadas, balcóns ou calquera outra zona exterior dos inmobles as que se ten acceso visual dende a estrada.

A participación neste concurso supón a total aceptación destas bases.

Cada vivenda só poderá presentar unha solicitude de participación, independentemente dos balcóns e/ou ventás e fachadas que estean decorados.

3. **TEMÁTICA**

Os participantes deberán ter exposta a súa decoración con motivos do nadal, cando menos entre o 8 de decembro de 2023 e o 7 de xaneiro de 2024.

Os participantes terán plena liberdade en canto a técnica e estilo. Valorarase a creación artística, a orixinalidade, o deseño, a iluminación, os elementos característicos da nosa cultura e tradicións, así como os adornos de nadal feitos con material reciclado.

Non se poderá facer mención a nomes de marcas, empresas comerciais, nin intereses particulares.

4. **DEREITOS**

O Concello de Ribadumia resérvase o dereito para reproducir nas redes sociais de maneira libre calquera dos traballos presentados así como aquel que teña obtido o premio.

Os datos de carácter persoal recollidos serán tratados en conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos de carácter persoal. Estes datos recóllense temporalmente coa finalidade de valorar as candidaturas á convocatoria de premios.

5. **PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN**

Os interesados deberán enviar UNHA ou VARIAS FOTOGRAFÍAS (máximo 6) da decoración exterior presentada a concurso xunto cos seguintes datos:

- Nome e apelidos do concursante (maior de idade).





CONCELLO DE
RIBADUMIA

- Dirección e ubicación da vivenda onde está posta a decoración que se presenta a concurso.
- Número de teléfono do participante.

O envío farase ao correo electrónico cultura@ribadumia.org

O prazo de presentación abrangue ata as 24 horas do 20 de decembro de 2023.

6. SELECCIÓN, FALLO E XURADO

Unha vez expirado o prazo de presentación, o xurado fará a selección examinando as creacións presentadas mediante as fotografías, co obxecto de deliberar e decidir o premio á "mellor decoración de nadal en ventás e exteriores de vivendas".

O xurado resérvase o dereito de ver a decoración exterior da vivenda na ubicación proporcionada polo concursante. Non obstante, en ningún caso poderá entrar na propiedade privada, sen o consentimento do titular da mesma.

O xurado resérvase o dereito de declarar deserto o concurso se non se alcanza un mínimo de 10 participantes.

Valorarase a vinculación a temática e a orixinalidade, montaxe e estética da creación no seu conxunto.

O xurado estará composto polas seguintes persoas:

- Dous representantes do Concello de Ribadumia.
- Un representante da Asociación de Comerciantes de Ribadumia.

O xurado seleccionará a "mellor decoración de nadal en ventás e exteriores de vivendas" e o gañador darase a coñecer o día da Cabalgata de Reis e será comunicado persoalmente e a través das diferentes redes sociais.

O fallo do xurado é inapelable.

7. PREMIO

Establécense 3 premios para a "mellor decoración de nadal en ventás e exteriores de vivendas":

- 1º premio: Premio de 200€ en vales de 20€ para empregar no comercio local.
- 2º premio: Premio de 140€ en vales de 20€ para empregar no comercio local.
- 3º premio: Premio de 100€ en vales de 20€ para empregar no comercio local.

O vale caducará ós tres meses e unicamente se poderá empregar no comercio local de Ribadumia. O prazo caducidade contarase a partir do día seguinte ao da súa entrega.

Ribadumia, 7 de decembro de 2023.

David. J. Castro Mougán.

Alcalde- Presidente



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7000572B700K8S019J114Q9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 12/12/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/12/2023 12:56:06

EXPEDIENTE :: 2023308
23000067
Fecha: 06/10/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E7000572B700K8S019J114Q9

